

ADEMAIS...

Pleno de aprobados
no nivel 2 de
Competencias Clave

Novo protocolo
para unha
educación inclusiva

Elías conquista o
Parlamento cunha
praza de ordenanza

A ONU DÁ UN TIRÓN DE ORELLAS A ESPAÑA

“A segregación é unha violación grave do dereito á educación”

ÍNDICE

Pleno de aprobados no nivel 2 de Competencias Clave	3
Elías conquista o Parlamento cunha praza de ordenanza	7
Novo protocolo para a inserción laboral no Parlamento	9
141 usuari@s traballaron no 2017 grazas ás entidades	11
Colaboración no protocolo pola educación inclusiva	15
“A segregación, unha violación do dereito á educación”	17
A nova vida de Jacobo: Unha carreira como funcionario	19
Fundación Mapfre recoñece o traballo de Down Galicia	21
Fundación La Caixa premia o proxecto de educación	23
Máis noticias?	25
Séguenos!	26



PLENO DE APROBADOS D@S USUARI@S NO NIVEL 2 DE COMPETENCIAS CLAVE

Inmellorables! Así son os resultados das probas de nivel 2 de Competencias Clave realizadas polas persoas usuarias de entidades Down de Galicia. Dos 13 exames aos que se presentaron o pasado 12 de maio en Silleda, acadaron un resultado positivo en todos eles, o que supón o 100%.

As persoas participantes coa síndrome de Down ou outra discapacidade intelectual examináronse en igualdade de condicións que o resto das preto de 3.600 persoas que se presentaron nesta ocasión. Para que fose posible, foron solicitadas as adaptacións dos exames á metodoloxía de Lectura Fácil (para facilitar a comprensión das preguntas e dos textos), a ampliación da letra e do tempo para cada exame e, nalgúns casos, persoal de apoio.

Neste sentido, as entidades Down en Galicia destacan a importancia de concorrer a este tipo de probas a través do sistema ordinario. Asegúrase, deste xeito, a inclusión social atendendo á diversidade de cada individuo, e garántese que todas as persoas teñan as mesmas oportunidades de acceso e participación tendo en conta as súas necesidades.

OS EXAMEN DO NIVEL 3 ROZA O 80% DOS APROBADOS

No tocante ós exames de nivel 3 os resultados foron tamén moi satisfactorios, xa que o 78% das competencias foron superadas, quedando soamente coa cualificación de “Non apto” dúas delas. A suma dos resultados das probas de nivel 2 e nivel 3 amosan un 91% de aprobados totais, o que evidencia a gran preparación das 10 persoas participantes, pertencentes ás entidades Down de Ferrol e Lugo.

As probas de competencias clave están pensadas para que as persoas que non posúen os requisitos de formación básica (ESO ou Bacharelato) poidan demostrar as súas capacidades e coñecementos co obxectivo de acceder á formación para o emprego. Así, estas probas convértense en unha das vías de acceso aos certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 e 3. As persoas que as superan acreditan uns requisitos formativos para acceder aos diferentes cursos.

Hai 4 competencias clave (lingua galega, española, estranxeira, e matemáticas) e para cada unha hai dous niveis. O nivel 2 correspóndese co título de Graduado en Educación Secundaria ou equivalente, e o nivel 3 correspóndese con Bacharelato ou equivalente.





Elías Ledo, membro de Down Compostela

ELÍAS CONQUISTA O PARLAMENTO CONSEGUINDO A PRAZA DE ORDENANZA

Acada a primeira praza do Parlamento de Galicia para persoas con discapacidade intelectual. Elías Ledo Vázquez, un membro de Down Compostela de 29 anos coa síndrome de Down, acaba de comprobar que todo esforzo ten a súa recompensa. Así, tras moitos meses de intenso traballo, vén de saber que conseguiu unha praza de uxier no Parlamento.

O proceso selectivo, ao que se presentaron máis de 200 persoas de toda Galicia, estaba reservado a persoas que acreditasen unha discapacidade intelectual e tiña por obxecto impulsar a inserción laboral do colectivo. Esta é a primeira vez na historia do Parlamento de Galicia na que a institución contempla unha reserva de prazas deste tipo.

Tras coñecer a boa nova, Elías amosouse “moi contento por conseguir este traballo”, que lle permitirá avanzar na súa loita por levar unha vida máis autónoma e independente.

Pola súa banda, Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, salientou a súa satisfacción absoluta pola consecución desta praza e reivindicou que “esta é unha proba máis que demostra as capacidades das persoas coa síndrome de Down para desenvolver un traballo”.

Juan Martínez, presidente da Fundación Down Compostela, engadeu que “Elías conseguiu o obxectivo que ven perseguindo tras moitos anos de traballo e esforzo. Desexamos que todas as administracións sigan o exemplo”.

DOWN GALICIA E O PARLAMENTO ASINAN PROTOCOLO PARA A INSERCIÓN LABORAL

Delmiro Prieto, presidente da Federación Down Galicia, e Miguel Ángel Santalices, presidente do Parlamento de Galicia, asinaron un protocolo de colaboración para a inserción laboral de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais. O acordo fixa as condicións para comezar a desenvolver actividades que promovan e fortalezan as opcións de empregabilidade das persoas usuarias das sete entidades Down galegas no Parlamento.

“A administración é a casa de todos e todas e, como tal, debe cubrir as necesidades de todos os seus membros”. Así valorou Delmiro Prieto o peche deste protocolo, resaltando o apoio que deben brindar as administracións públicas para a igualdade de todas as persoas que compoñen a sociedade.

Este protocolo é o punto de partida para o proceso de inserción e adaptación efectiva ao posto de traballo de persoas usuarias no Parlamento. Para iso, impartiranse cursos de formación específicos previos ao comezo da prestación de servizos; darase apoio no proceso de inserción e adaptación efectiva ao posto de traballo, así como do entorno laboral; farase un seguimento do desempeño da actividade laboral, incluíndo formación continua en competencias instrumentais, transversais e laborais para este colectivo; e realizaranse obradoiros prácticos de intercambios de experiencias dirixidos ao persoal que realiza funcións de referencia na súa contorna de traballo.



141 USUARI@S TRABALLARON NO 2017 GRAZAS AO PROGRAMA DE EMPREGO

Un total de 141 persoas, participantes no programa de Emprego con Apoio da Federación Down Galicia, estiveron contratadas en empresas ordinarias da súa contorna durante o ano 2017. Este dato constata a mellora, aínda que lenta, na inserción laboral das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, xa que o número total de persoas usuarias do servizo que contaron cunha oportunidade laboral aumentou nun 11% con respecto ao ano anterior.

Aínda así, só o 62% das persoas que conforman a bolsa de emprego de Down Galicia tiveron acceso a un posto de traballo neste período. Este baixo porcentaxe vén dado pola considerable subida no número de participantes no programa, que nesta ocasión ascendeu ás 226 persoas, deixando constancia da importancia que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais lle outorgan a ter un emprego. É que traballar contribúe de xeito eficaz a desterrar os tópicos que tradicionalmente se lles atribúen a este colectivo, resultando un xeito sumamente eficaz de inclusión social.

A través destas contratacións, os traballadores e traballadoras puideron adquirir experiencia en postos tan variados como técnico en educación infantil, auxiliar de masaxista, monitor de comedor escolar, promotor de produtos, peón vinícola, mariñeiro ou ordenanza.

En canto á distribución por localidades, obsérvase que foron 56 persoas as que traballaron neste 2017 na zona de Vigo, 17 en Pontevedra, 16 en A Coruña, 15 en Compostela, 13 en Ferrol e 12 en Ourense e Lugo, mellorando as cifras con respecto ao ano anterior en tódalas localidades e demostrando deste xeito a utilidade e a aceptación desta metodoloxía entre o tecido empresarial privado.

Non obstante, o principal escollo para o colectivo de persoas con discapacidade intelectual segue a ser a inestabilidade e a temporalidade nas contratacións. Así, as 141 persoas que tiveron unha oportunidade laboral durante o pasado ano contaron cun total de 168 contratos, o que pon de manifesto a curta duración das contratacións en moitos dos casos.

O contrapunto vén da man das prórrogas dos contratos e das transformacións dos mesmos en indefinidos, que se elevan a 16 e a 11 respectivamente, o que demostra o bo facer dos traballadores e traballadoras nos seus postos de traballo.

Destaca tamén o elevado número de prácticas laborais realizadas polos usuarios e usuarias das entidades Down en Galicia (74), coas que reforzan a súa motivación cara o emprego e melloran as súas habilidades socio-laborais. Sumando contratos e prácticas, case o 80% das persoas usuarias do programa de emprego da Federación contaron con unha oportunidade no eido laboral o pasado ano.



PROTOCOLO PARA A ATENCIÓN EDUCATIVA DO ALUMNADO COA SÍNDROME DE DOWN E/OU DISCAPACIDADE INTELECTUAL

Representantes de Down Galicia e da Consellería de Educación presentaron en abril o Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, que ten como eixo central o dereito de todo o alumnado a unha educación inclusiva, equitativa e de calidade, que promova as súas oportunidades de desenvolvemento persoal, social e laboral.

Este documento, que tardou en elaborarse case un ano e medio, foi creado a petición da Federación por un grupo interdisciplinario constituído por asesores técnicos docentes da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria, un membro dos Equipos de Orientación Específicos (EOE), un profesor dun centro de Educación Secundaria e membros da Comisión de Educación de Down Galicia.

Durante a presentación, o presidente de Down Galicia, Delmiro Prieto, salientou que “é un punto de partida importante, que hai que poñer en práctica para seguir avanzando, porque a pesar do título do protocolo, é de aplicación universal, xa que a escola inclusiva é para tod@s”.

Pola súa parte, Román Rodríguez, Conselleiro de Educación, destacou que un dos piares básicos dun sistema educativo exemplar é atender a todas as especificidades do alumnado e que “cada neno dispoña das oportunidades e das condicións necesarias para a aprendizaxe”.



TIRÓN DE ORELLAS DA ONU A ESPAÑA: “A SEGREGACIÓN É UNHA VIOLACIÓN GRAVE DO DEREITO Á EDUCACIÓN”

Nacións Unidas acaba de poñer en dúbida o sistema educativo español, ao que acusa de segregador e do que di que viola sistematicamente o dereito á educación do alumnado con discapacidade. Nun informe publicado en maio en Xenebra, a organización expón que “a segregación e exclusión de España dos e das estudantes con discapacidades da educación xeral, pola súa discapacidade, equivale a violacións graves ou sistemáticas do dereito á educación deses estudantes en virtude da Convención dos dereitos das persoas con discapacidade”.

“O sistema educativo paralelo establecido para aquelas persoas estudantes con discapacidades que non encaixan nas escolas xerais convértese en traxectorias paralelas da vida escolar, o emprego e máis tarde a residencia, o que leva a resultados de vida moi diferentes”, dixo a Sra. Theresia Degener, Presidenta do Comité da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade.

O comunicado é resultado dunha investigación realizada entre o 30 de xaneiro e o 10 de febreiro de 2017, na que expertos designados polo Comité entrevistaron a máis de 165 persoas, incluídos funcionarios do Goberno e das 17 comunidades autónomas, representantes de organizacións de persoas con discapacidade e outras organizacións da sociedade civil.

DOWN GALICIA ESIXE QUE A NORMATIVA EDUCATIVA GARANTA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

Down Galicia considera urxente a reforma da lexislación educativa e a implantación dun sistema que respecte o principio de educación inclusiva, baseado na igualdade de oportunidades e que non discrimine ás persoas por razón da súa discapacidade. A Federación leva desde hai anos poñendo de manifesto que o sistema educativo español é discriminatorio coas persoas coa síndrome de Down e vulnera o establecido na Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

Para Down Galicia a educación é un pilar fundamental no desenvolvemento de calquera sociedade. As sociedades avanzadas deben estar dotadas de institucións capaces de garantir este dereito a toda a poboación, sen excluír a ningún individuo por ningunha causa.

A sociedade na que vivimos é plural e diversa e esa realidade ha de ser a bandeira da educación. Segundo Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, “se se segrega ao alumnado, sexa cal sexa a causa, sobre todo nunha idade temperá, non se avanza na construción dunha sociedade tolerante e respectuosa coa diferenza e coa diversidade. A convivencia enriquece tanto a aquelas persoas que presentan algunha dificultade como ao resto”.

Prieto considera que a LOMCE “provoca un retroceso irreversible nos pasos e avances conseguidos en materia de integración e inclusión escolar”.

A NOVA VIDA DE JACOBO: UNHA CARREIRA COMO FUNCIONARIO

Jacobo Rey González, un mozo coa síndrome de Down de Ourense, asinou en xuño o contrato que o converte en funcionario da Xunta de Galicia. Agora comezará a súa andaina como ordenanza na xefatura territorial que a Consellería de Medio Rural ten na cidade de Ourense.

Nun acto presidido polo Conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, as seis persoas que acadaron as prazas ofertadas pola Xunta de Galicia, reservadas en exclusiva para persoas con discapacidade intelectual, tomaron posesión das mesmas.

Jacobo comezou a prepararse en xaneiro de 2015 e o de ordenanza era o segundo proceso selectivo ao que se presentaba. Durante meses, coa constancia por bandeira, Jacobo dedicou moitas horas do seu día a día ao estudo.

Antes de saber que fora merecedor dunha das prazas de ordenanza da Xunta, xa estaba a preparar o seu seguinte proceso selectivo, que compatibilizaba co desempeño dun traballo, tamén como ordenanza. “Traballaba pola mañá e estudiaba pola tarde as seguintes oposicións, á Administración central”, comenta. O soño fíxose realidade.

No acto, tamén participaron o Director Xeral de Función Pública, José María Barreiro; a Subdirectora Xeral de Provisión de Postos e Selección de Persoal, Raquel Souto; e a Subdirectora Xeral de Xestión, Ana María Tovar.

Na súa intervención, Valeriano Martínez quixo felicitar aos novos funcionarios e funcionarias, salientar o seu esforzo e dedicación e animalos a seguir formándose para progresar no seu camiño pola función pública.

O acceso ó emprego público para as persoas con discapacidade intelectual en xeral, e coa síndrome de Down, en particular, é unha das reivindicacións históricas da Federación Down Galicia.





A FUNDACIÓN MAPFRE RECOÑECE O LABOR DE DOWN GALICIA A PROL DA INCLUSIÓN

A Federación Down Galicia recibiu hoxe, nun acto presidido pola Infanta Doña Elena de Borbón, un recoñecemento da Fundación Mapfre pola súa traxectoria a prol da inclusión laboral das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

Este evento, no que tamén foron galardoadas outras entidades sociais e varias empresas galegas, serviu tamén de plataforma para que a Fundación Mapfre presentase o seu programa social de emprego e para que se desen a coñecer varias insercións laborais de éxito de persoas con discapacidade en empresas ordinarias da súa contorna.

Así, María José España, responsable de emprego da Asociación Down Coruña, compartiu con tódalas persoas asistentes a experiencia de Tania, unha rapaza con discapacidade intelectual, que foi contratada en setembro de 2013 por Amofre S.L. para traballar no Burger King do centro comercial Marineda de A Coruña.

A xerente de Down Galicia, Sonia Caldas Novás, foi a encargada de recoller o galardón en nome da Federación e aproveitou a súa intervención para agradecer o recoñecemento, ao tempo que fixo fincapé na necesidade de implicar a toda a sociedade para que as persoas con discapacidade intelectual poidan acceder ao mercado laboral de xeito normalizado.

FUNDACIÓN LA CAIXA PREMIA O PROXECTO DE EDUCACIÓN INCLUSIVA DAS ENTIDADES DOWN DE GALICIA

Down Galicia recibiu en abril un dos 10 Premios “La Caixa” á Innovación Social que a Fundación bancaria outorgou a entidades sociais de toda España, recoñecendo a importancia da educación inclusiva para o alumnado coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

“Unha escola para tod@s” foi un dos proxectos escollidos de entre os 643 participantes para levar os 15.000€ cos que estaba dotado este recoñecemento. O xurado estivo formado por personalidades do mundo do terceiro sector de acción social, a comunicación, a administración, a investigación e a docencia.

Este panel de expertos considerou que o proxecto educativo da Federación era merecedor desta distinción pola súa aposta pola inclusión de nenos, nenas e adolescentes con discapacidade intelectual na escola ordinaria a través do desenvolvemento cognitivo e un traballo sistémico cos centros, o alumnado e as súas familias.

Os Premios “La Caixa” á Innovación Social creáronse para recoñecer o importante esforzo que realizan as entidades sociais e a vocación de transformación social real e directa a través de métodos innovadores, sempre co obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas.

A entrega dos galardóns tivo lugar en CosmoCaixa Barcelona e estivo presidida pola ex-ministra de Sanidade, Dolors Montserrat; o delegado do goberno en Cataluña, Enric Millo; e o director da Fundación “La Caixa”, Jaume Giró.



MÁIS NOTICIAS?

Accede a www.downgalicia.org para informarte de todas as novidades e publicacións da Federación e as súas entidades membro. Velaquí algunhas, fai click para delas!

Teima Down Ferrol e o Concello de Ferrol asinan un novo convenio de colaboración

Teima Down Ferrol e o Concello da cidade asinaron en xullo un convenio de colaboración para o desenvolvemento do programa “Participando. Inclusión na vida adulta” que a asociación leva a cabo. A achega, que ascende aos 35.000€, irá destinada ao desenvolvemento do programa.

Dous mozos e unha moza de Down Compostela participan no Campionato Nacional de Baristas Fórum Café

Alex Lado, Fran Fianza y Pamela Casagrande participaron en abril no Campionato Nacional de Baristas Forum Café de Barcelona. Coordinado por Diego López, asesor barista de Cafento, o equipo realizou unha exhibición dos campionatos Baristas Down que se celebran en Galicia.

‘CarmelaMola’, o proxecto emprendedor dunha rapaza coa síndrome de Down de A Coruña

Tras varios anos facendo colares e pulseiras como parte dos seus exercicios de motricidade, Carmen Álvarez, unha rapaza coa síndrome de Down da Coruña, decidiu que a súa afección pola xoiería se transformase nun negocio. Así creou CarmelaMola, una liña de bixutería.

SÉGUENOS!



DownGalicia.org



Facebook.com/DownGalicia



Twitter.com/DownGalicia



Youtube.com/DownGalicia



Flickr.com/DownGalicia

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no e-mail comunicacion@downgalicia.org.

